

O presidente do Clúster da Biomasa sostén que “Galicia ten o seu almacén de enerxía no monte, non podemos deixar que arda”

- *Francisco Álvarez fai un chamamento ao consumo responsable de pellets e afirma que “temos capacidade para dar resposta a un aumento da demanda de máis do 50%”*
- *O Clúster da Biomasa lembra que “unha familia gasta 1.000 euros ao ano nunha calefacción de biomasa, cunha de gasóleo necesitará un 60% máis”*
- *“As posibilidades económicas do monte en Galicia son enormes, máis que en calquera comunidade española; aproveitémolo”, apunta Francisco Álvarez*

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2022. O presidente do Clúster da Biomasa de Galicia lanza unha mensaxe de tranquilidade e de consumo racional, ante o aumento da demanda de pellets durante este verán. Francisco Álvarez afirma que “as empresas produtoras estamos traballando ao 100% e temos a capacidade para soportar incrementos de demanda de máis do 50%”. Neste sentido, o Clúster estima que Galicia produce ao redor de 110.000 toneladas de pellets cada ano, mentres que a demanda do consumo se sitúa nas 45.000 toneladas de media anuais na nosa comunidade.

O presidente do Clúster da Biomasa recoñece unha lixeira suba no prezo dos pellets polo encarecemento das materias primas, con todo, Francisco Álvarez lembra que “as variacións no custe da biomasa están á marxe da situación xeopolítica que vivimos. Unha familia gasta 1.000 euros ao ano cunha estufa de biomasa, eses cartos non chegan para afrontar medio inverno coa estufa de gasóleo; serían necesarios uns 1.600 euros para obter a mesma enerxía, e aínda con menos confort”.

O monte galego, potencia económica e almacén de enerxía

O presidente do Clúster da Biomasa fai fincapé na necesidade impulsar o desenvolvemento económico dos montes para previr os lumes e en converter o forestal nun sector máis atractivo. “Eu penso no monte como un puzzle, a biomasa é unha peza máis”, apunta Francisco Álvarez, “se creamos postos de traballo vinculados ao sector forestal aumentamos o control sobre os incendios, son ollos que van estar coidando”.

Neste sentido, o presidente destaca que os montes de Galicia teñen un potencial enorme fronte a outras comunidades de España que “se están desertizando, polo tanto, temos que aproveitalo, temos volver tender pontes co monte, ao xeito dos nosos avós”. O presidente do Clúster apunta tamén á capacidade do sector para xerar postos de traballo cualificados, dende operadores de recolección ata técnicos de calidade e enxeñeiros forestais.

Ante o temor ao posible desabastecemento enerxético, o presidente do Clúster é claro ao respecto: “Galicia ten o seu almacén de enerxía nos montes, non podemos deixar que ardan. O que temos que facer é canalizar esa enerxía a través da biomasa. Temos a sorte, dende hai séculos de contar cun almacenamento enerxético. Só temos que transformalo de xeito sostible para achegalo ós fogares galegos”, apunta Francisco Álvarez e asegura que “esta é a fórmula para lograr a neutralidade climática, prescindir dos combustibles fósiles nos fogares e na industria e avanzar tamén no desenvolvemento do noso rural. De feito, a nosa comunidade ten referentes de equipos de biomasa a nivel internacional”.

Máis concienciación e formación a favor da biomasa

Galicia é a comunidade española que máis gasóleo consome destinado á calefacción. Para revertir esta situación, o Clúster da Biomasa traballa xa nun plan de concienciación social: “un fogar galego tense que preguntar, de onde vén a enerxía que chega ao eu fogar? Que pegada deixo cos meus hábitos e como podo cambialo? En definitiva, queremos que a xente valore as alternativas que ofrece a biomasa”, explica Francisco Álvarez.

Por outra parte, o Clúster da Biomasa de Galicia ten en marcha, en colaboración coa Xunta de Galicia, un programa formativo para profesionalizar e capacitar os postos de traballo que precisa o sector.

Máis información:

Área de Comunicación - Noelia Fernández

Teléfono 610 17 43 88